



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 3/2020, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O LUNS 01 DE XUÑO DE 2020 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da AdV de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA
FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA
RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ
MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO
DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO
MARGARITA RAMILO VARELA
CARLOS BERBEITO REY

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES
LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretario do Concello

DIEGO GARCIA DOVAL

NON ASISTE


PABLO COUTO LOPEZ (PSdeG-PSOE)

[A solicitude do señor Alcalde, tamén está presente na sesión a técnica de Administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares]

HORA DE INICIO: 09:04

HORA DE REMATE: 11:16

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 09:04 horas do luns 01 de xuño de 2020, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 27 de maio de 2020 coa seguinte fundamentación:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

"Logo de ver o escrito con data do 11 de maio de 2020 (presentado no rexistro xeral do Concello o 12 de maio de 2020, nº de rexistro de entrada 548) , subscrito polos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, polo que solicitan a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Carral, para tratar o asunto que indican en tal escrito.


Logo de ver o establecido no texto vixente do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), segundo o cal "(...) Asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria. (...)".

Logo de ver que a Disposición Adicional 3ª.1 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 establece que "Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo", e que o punto 4 dela engade que "4. La presente disposición no afectará a los procedimientos y resoluciones a los que hace referencia el apartado primero, cuando estos vengán referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma." E, tendo en conta que o Pleno se solicita para tratar sobre cuestións relacionadas coa crise sanitaria.

Logo de ver que a disposición Final Segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 modificou a redacción do artigo 46 da LRBRL, engadindo un apartado 3, como segue:

"3. En todo caso, cuando concurren situaciones excepcionales de fuerza mayor, de grave riesgo colectivo, o catástrofes públicas que impidan o dificulten de manera desproporcionada el normal funcionamiento del régimen presencial de las sesiones de los órganos colegiados de las Entidades Locales, estos podrán, apreciada la concurrencia de la situación descrita por el Alcalde o Presidente o quien válidamente les sustituya al efecto de la convocatoria de acuerdo con la normativa vigente, constituirse, celebrar sesiones y adoptar acuerdos a distancia por medios electrónicos y telemáticos, siempre que sus miembros participantes se encuentren en territorio español y quede acreditada su identidad. Asimismo, se deberá asegurar la comunicación entre ellos en tiempo real durante la sesión, disponiéndose los medios necesarios para garantizar el carácter público o secreto de las mismas según proceda legalmente en cada caso.

A los efectos anteriores, se consideran medios electrónicos válidos las audioconferencias, videoconferencias, u otros sistemas tecnológicos o audiovisuales que garanticen adecuadamente la seguridad tecnológica, la efectiva participación política de sus miembros, la validez del debate y votación de los acuerdos que se adopten»"



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Logo de ver, porén que, tras consultar aos compoñentes da Corporación, todos agás un manifestaron as súas dificultades materiais e técnicas para asisitir a unha eventual sesión telemática e/ou a súa preferencia por que se realizase de xeito presencial."

Así, reúnen en sesión 3/2020, extraordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Análisis das medidas e iniciativas tomadas polo Goberno Municipal nas áreas de educación, comercio, industria, servizos sociais, deportes, e propostas para contribuír a recuperación económica de familias, autónomos e empresas, derivadas do estado de alarma

A solicitude do señor Fernández Mouriño (PP) gárdase un minuto de silencio antes de comezar a sesión.

1.- ANÁLISIS DAS MEDIDAS E INICIATIVAS TOMADAS POLO GOBERNO MUNICIPAL NAS ÁREAS DE EDUCACIÓN, COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS SOCIAIS, DEPORTES, E PROPOSTAS PARA CONTRIBUÍR A RECUPERACIÓN ECONÓMICA DE FAMILIAS, AUTÓNOMOS E EMPRESAS, DERIVADAS DO ESTADO DE ALARMA


O señor Alcalde, tras preguntar se algunha das persoas participantes na sesión se atopa nalgunha das situacións relacionadas coa COVID19 indicadas na normativa vixente expresada na convocatoria que puidesen esixir a súa non asistencia, e tras indicar todos que, ao seu saber e entender non é así, explica que cada concelleiro do equipo de goberno vai expoñer as medidas e iniciativas adoptadas polos seus respectivos departamentos.

Deste xeito, o señor Bello Hermida, concelleiro de Servizos Sociais, Deporte, Cultura, Xuventude e Participación Cidadá (AdV), expón que lle chama a atención a falta de novas da oposición e opina que deberían ler as canles de comunicación do Concello, nas que se publican as actuacións municipais. Engade que, na súa opinión, todo é presentar escritos e "colaborar cero". Explica que o seu departamento, en materia de Servizos Sociais, realizou as seguintes actuacións:

*Aumento da partida presupuestaria nun 340 % de emerxencia social

* Visita e seguimento telefónico por parte do goberno local ás persoas maiores do municipio co obxectivo de comprobar as carencias e informarles sobre o servizo de entrega a domicilio de produtos de primeira necesidade (medicamentos, alimentos...) durante o confinamento.

* Reforzo do servizo de atención telefónica de servizos sociais (horario de mañá e tarde).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- * Contacto e seguimento telefónico cos usuarios existentes do SAF e tramitación urxente da prestación para usuarios circunstanciais (peches centros de día).
- * Visita domiciliaria de seguimento por parte do departamento de servizos sociais a todos os domicilios activos ou en suspensión temporal (en canto as medidas sanitarias o permitiron).
- * Axilización na entrega dos alimentos do programa de axuda alimentaria, incluíndo reparto a domicilio (para que ningún usuario quedara sen recibilos)
- * Banco de Alimentos Municipal: xestión e reparto das doazóns e compra no comercio local de alimentos e produtos de primeira necesidade para atender o incremento das demandas, sempre coa previa valoración das técnicas do departamento.
- * Axilización de axudas e prestacións e facilidades para a entrega de documentos a domicilio cando non se puido tramitalo.
- * Reparto de máscaras: nun principio, ante a imposibilidade de conseguir abastecemento, recurrimos á elaboración das máscaras hixiénicas, para o que se contou co traballo de varias voluntarias do Concello, ademais dunha fábrica de costura. Co avance das semanas foron chegando de distintos organismos, máscaras quirúrxicas. Todas elas foron repartidas seguindo protocolos de prioridade sanitaria.

A señora Caridad López, concelleira de de Educación, Sanidade e Igualdade (AdV) lembra que aínda estamos en estado de alarma e explica que, en materia de Educación, o seu departamento adoptou as seguintes medidas:

- * Posta en marcha do servizo de impresión e entrega semanal a domicilio das tarefas asignadas polos profesores, **de xeito que se repartiron puntualmente** a cada neno en situación de vulnerabilidade e mantívose o contacto coas familias dos nenos para axudarlles nas súas necesidades e inquiredanzas.
- * Dotación ás familias dos soportes técnicos necesarios para a realización de tarefas escolares, proporcionando aos nenos do IES ou do CEIP que non dispuxesen de medios ordenadores, impresoras ou tarxetas SIM, en colaboración con varios vecinos que doaron ou prestaron material.
- * Información e tramitación de todos os expedientes relacionados con educación de xeito telemático (matrículas, axudas libros, material escolar...).
- * Contacto permanente, case diario, tanto coa Inspección educativa como cos centros educativos do concello para estar o día de todas as novidades e demandas que ián surxindo.
- * Axilización de trámites (por exemplo, a expedición de certificados do padrón por vía telemática para a tramitación de matrículas, ou a continuación da tramitación da convocatoria de axudas para o estudo)

Engade que, en materia de Sanidade, estivo en contacto permanente co Centro de Saúde para o seguimento da incidencia e da situación da pandemia, e que se



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

publicou puntualmete na páxina web do Concello información sobre medidas, normativa e guías de recomendacións.

- *Reparto de medicinas e produtos de primeira necesidade a persoas vulnerables.
- *Coordinación da limpeza do Centro de Saúde ata que o SERGAS se fixo cargo, de xeito que se realizase unha limpeza inmediata cando se desen posibles casos de COVID.
- *Contacto telefónico coa cidadanía para resolver posibles inquedanzas.
- *Campañas de concienciación sobre o cumprimentod e medidas, aínda que a incidencia de casos de CIVID19 en Carral foi moi escasa.

En materia de Igualdade, a señora Caridad explica as medidas adoptadas:

- *Contacto coa técnica disponible das 8 da mañá ás 8 da tarde para os casos de violencia de xénero e publicidade na paxina web sobre vías de axuda.
- *Apoio á campaña “Máscara19”.

*Manteuse activo o programa “Educando en valores” para mozos e familias, en previsión do incremento das horas de convivencia, mais, segundo as técnicas de Igualdade, non houbo ningún caso.

A señora Vázquez Mouriño, concelleira de Mobilidade, Comercio e Turismo (PSdeG-PSOE), explica as medidas adoptadas polo seu departamento:

- *Contacto co comercio, empresas e autónomos do Concello para poñerse a súa disposición, escoitar as súas preocupacións e ofrecer as seguintes medidas:
- *Entrega de máscaras aos establecementos abertos ao público, según vamos tendo dispoñible.
- * Posta en marcha dun servizo de asesoramento gratuito (subvencións, axudas COVID-19, medidas preventivas e sanitarias que se esixen a autónomos e empresas).
- * Creación dunha páxina web, cun directorio actualizado de todas as empresas e servizos do concello, con posibilidade de vinculación directa co negocio para a venda online.
- * Contacto coa hostelería para a información sobre as posibilidades legais que ten o concello con respecto a colocación de terrazas, e para axudar na súa ampliación dentro da lei.
- * Estase a traballar na creación de grupos de whatsapp por sectores, paera seguir traballando e propoñendo medidas para a reactivación da economía.

Manifesta que, na súa opinión, o máis importante é manter contacto individual directo para saber como axudar a cada un. Explica que moitos negocios estaban pechados, polo que foi difícil contactar con eles



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 1


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Caamaño Rodríguez, concelleiro de Obras Públicas, Servizos, Medio Ambiente e Protección Civil (AdV) explica que o seu departamento adoptou as seguintes medidas:

- * Desinfeccións diarias, por parte do noso coordinador de emerxencias por todas as zonas mais concorridas de concellos (establecementos abertos ao público, centro de saúde, panaderías..)
- * Desinfección por parte de protección civil das marquesinas das parroquias onde as liñas de transporte estaban operativas.
- * Desinfección por parte do Consorcio das Mariñas polas rúas do Centro de Carral, alternando coas parroquias.
- * Presenza da UME no primeiro día do desconfinamento para fortalecer o cumprimento das normas.
- * Dende protección civil, en apoio e coordinación coas forzas de seguridade prestáronse servizos varios:
 - * Presencia no centro de Saúde, Fogar de Sabela...
 - * Apoio ao departamento de servizos sociais.
 - * Animación dos veciños durante o confinamento (con mensaxes de prevención e apoio, felicitacións dos aniversarios infantís...).

A señora Guimarey García, concelleira de Economía e Facenda, Réxime Interior e Recursos Humanos (AdV9 explica as medidas adoptadas dende o seu departamento:

- * Modificación urxente do presuposto inicial para adaptado as necesidades que se prevén pola pandemia COVID19. Explica que se baixaron partidas como as destinadas a festas ou actividades culturais e deportivas, e que se crearon outras necesarias para servizos Sociais, para insolvencias, conciliación familiar, educación ou apoio ao comercio. Engade que espera que se poida aprobar o novo proxecto de orzamento en dúas semanas.
- * Adapatación das medidas tendentes para asegurar a protección de todos os traballadores.
- * Implantación de teletraballo nos postos que se poideron adaptar.
- * Adopción de medidas de seguridade para aqueles postos non afectados por teletraballo segundo o incicado polo servizo de prevención de riscos laborais.
- * Formación en materia de prevención do COVID 19 para todos os traballadores.
- * Adquisición de equipos de protección individual para todos os traballadores. Explica que, cando se pediu información ao servizo de prevención de riscos laborais, constatouse que non estaba feito case nada, e que non se lles dera formación nin se



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

fixeran os recoñecementos médicos, polo que houbo que engadir ese traballo ao dervado da COVID19.

*Negociación cos representantes dos traballadores sen opción a teletraballo, para o consumo da metade das súas vacacións durante o confinamento.

*Manifesta que queren resaltar o seu agradecemento a todos e cada un dos traballadores afectados pola súa boa predisposición e colaboración ante esta anómala situación, pois aceptaron todas as medidas de forma voluntaria fixeron en teletraballo xornadas máis amplas do que lles correspondía, xa que viron que as necesidades o requerían..

* Adaptación das instalacións que se prevén abrir

Instalando mamparas en todos os postos necesarios

Sinalización de distancia de seguridade

Dotación de xeles hidroalcohólicos e demais medios de prevención

Adquisición de produtos de desinfección acordes ás esixencias da pandemia COVID 19.

Explica que ao principio houbo varios voluntarios do Concello e dunha fábrica de costura que elaboraron máscaras hixiénicas, e que posteriormente foron chegando as cirúrxicas, que se repartiron segundo chegaban entre o persoal do Concello, do SAF, de Protección Civil, conserxes etc, xunto cos equipos de protección individual correspondentes, e nos establecementos abertos ao público (taxistas, repartidores, arredores do Centro de Saúde, domicilios de perosa maiores ou con patoloxías)

O señor Alcalde explica que, en materia de Urbanismo, se adoptaron as seguintes medidas:

* Impulso máximo a execución de obras no concello para fomentar a reactivación da economía.


* Estase a traballar no desenrolo de espazos de lecer, humanización de rúas....

O señor Bello Hermida explica que, en materia de Cultura e Deportes e Xuventude, se adoptaron as seguintes actuacións:

*Creación dunha partida presupuestaria destinada a actividades de conciliación familiar, pendentes das directrices que marquen ao respecto os organismos correspondentes.

*Reorganización e adaptación dos eventos e actividades programadas.

*Estudo de viabilidade con cautela e búsqueda de alternativas deportivo/culturais ante a imposibilidade da apertura das instalacións municipais, segundo as directrices dos órganos competentes.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

*Continuidade telemática do clube de lectura e das actividades de teares e tapices, divulgándose as novidades nas redes Sociais.

O señor Cetina Mochales, concelleiro de Traballo e Voluntariado (PSdeG-PSOE9 explica que o seu departamento realizou as seguintes actividades:

*Reactivación do obradoiro de emprego e competencias clave (dentro das limitacións actuáis)

*Xestión para facilitar a volta dos dous voluntarios italianos ao seu país. Explica que un quixo seguir até o final e que se estivo tramitando coa Xunta de Galicia a ampliación da subvención.

*Plans de emprego e obradoiros para desempregados que esperan poder retomar en breve.

*Colaboración cos outros departamentos e segundo as directrices do Goberno e da Xunta de Galicia.

O señor Alcalde dá as grazas á garda Civil pola súa colaboración e explica os servizos prestados pola Policía Local que, en síntese, foron os seguintes.

"RELACION DE SERVICIOS ESPECIALES DURANTE EL ESTADO DE ALARMA A LA FECHA. EFECTUADOS POR ESTA POLICÍA LOCAL

Reuniones Alcaldía/Policía Local por situación Estado de Alarma.....57

Contactos oficiales de esta Policía Local con responsables del Servicio de Emerxencias de Galicia.....2


Contactos oficiales de esta Policía Local con responsables de la Guardia Civil.....1

Controles de circulación operativos en vías públicas/calles de la localidad.....93

Controles en vías públicas en coordinación con las Fuerzas Armadas (Policía Naval)4

Controles de circulación operativos en vías públicas/calles de la localidad coordinados con la Guardia Civil.....2

Comprobaciones de zonas sensibles en situación de emergencia (depósitos, agua y eléctricas) subestaciones240



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Comprobaciones de zonas sensibles en situación de emergencia (depuradoras)11

Comprobaciones de zonas sensibles en situación de emergencia (Centro de Salud)57

Colaboración con Centro de Salud de Carral en relación a la realización de pruebas serológicas COVID
19.....5

Colaboración con Consellería de Sanidad comprobación domiciliaria de personas infectadas COVID
19.....1

Identificaciones específicas en relación a la ley 4/2015 de Seguridad Ciudadana en relación al Estado de Alarma.....41

Denuncias a la Ley 4/2015 específicas en relación al Estado de Alarma.....8

Comunicaciones e informes con la Subdelegación de Gobierno en A Coruña.....58

Comprobaciones de actividad en las distintas fases del Estado de Alarma.....79


Telefonemas desde comienzo del Estado de Alarma.....228".

O señor Alcalde engade que, dende o principio, se realizou o máximo esforzo, e que se seguiron as directrices do Estado, mais indica que, se nalgo se equivocaron, están para respostar, e que, se fixeron dano a alguén, sínteno.

O señor Fernández Mouriño (PP) pregunta que propostas teñen para a recuperación da COVID, ao que o señor Alcalde pregunta a que departamento se refire.

O señor Mouriño pide ao señor Alcalde que se coloque ben a máscara e el dälle as grazas por avisar.

A señora Caridad López pregunta se non se enteirou do que fixeron e se quere que llo volten ler, mais o señor Mouriño indica que el fala de propostas. A señora Caridad replícalle que el dixo que estaba ansioso por saber que fixeron estes meses e preguntalle se lle quedou claro ou se quere que llo repitan. Engade a señora caridad



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

que seguirán os protocolos que lles vaian marcando e que, por exemplo, en Educación, se non se pode dar clases, colaborarán para solicitar axudas aos nenos de 0 a 12 anos e, se ben se suspenderon as actividades extraescolares, hai partidas para coidadores ou para proporcionar conexión a internet, todo segundo se vaia marcando. Manifesta que, en calquera caso, son humanos e están dispostos a rectificar o que sexa necesario. A señora Caridad engade que, en canto a Sanidade e Igualdade, seguirán apoiando no que se necesite e diten os respectivos Ministerios. No tocante aos bulos, indica a señora Caridad que *"a estas alturas da película"*, pode poñerse en contacto coa Xunta de Galicia que, por exemplo, dicía que os coidadores dunha persoa con COVID debían manterse nunha habitación e agora, tras contrastalo, desmínteno. Coida que os bulos non apareceron da noite á mañá e agora todos saben que hai que facer coas persoas que teñen COVID. A señora Caridad indica que non sabe se lle valeu a información.


O señor Mouriño indica que el non preguntou polos bulos, senón polas propostas do goberno municipal.

O señor Alcalde contesta que non van facer propostas, senón que seguirán as directrices do Goberno Central, e pide ao señor Mouriño que, se ten el propostas, as expoña, e tentarán levalas a cabo.

A señora Vázquez Mouriño explica que o departamento de Comercio vai crear unha web para dar máis visibilidade á vila e fomentar as vendas en Carral, e haberá asesoramento á xente que queira pedir axudas para continuar os seus negocios ou incluso para realizar vendas a través de páxinas web. No tocante á hostalería, explica que a maioría non puido abrir nas primeiras fases e que faláron con eles para ver posibilidades. Engade que non ten posibilidade económica de realizar axudas directas, pero que si se vai asesorar para a obtención doutras axudas e facilitarase o que estea na man do Concello.

A señora Guimarey comenta que lle dá a impresión de que o señor Mouriño non atendeu aos puntos que lle espuxeron, coma a dotación de partidas para insolvencia por COVID ou a realización de campamentos, cando os deixen abrir, para contribuir á conciliación familiar, sempre seguindo as directrices do Goberno e da Xunta de Galicia e paso a paso, segundo as fases sucesivas. Opina que é unha perda de tempo e unha falta de respetopois, na súa opinión, o señor Mouriño non atende ao que se lle está a explicar. Pídelle que, se ten algunha idea boa, que a achegue. O señor Alcalde engade que con unha chega.

O señor Mouriño manifesta que, con catro concelleiros, pode solicitar a realización de varios plenos extraordinarios ao ano e opina que, se non fose por iso, non estarían nesta sesión, porque o Alcalde non chamaría para explicar nada. Opina que, cando se declarou o estado de alarma, presumían de cumprir, mais coida que no tiveron en conta nin á Fegamp, nin a FEMP, nin o Ministerio do Interior, ao non crear unha comisión con todos os grupos políticos e con representantes de distintas actividades económicas e laborais, ou dos sindicatos e empresarios. Engade que, malia o seu



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


escrito ofrecéndose a colaborar, non sabe se o Alcalde desconfía, e opina que, se todos fosen da man, non habería necesidade deste pleno e achegaríanse moitas ideas.

O señor Alcalde pídelle de novo que as achegue.

O señor Mouriño pregúntase se costaba moito que houbera un representante de cada grupo para compartir as decisións e manifesta que estaría á disposición do Alcalde pois, na súa opinión, foron leis durante todo este tempo e "estivo caladiño", só recomendando a limpeza do Centro de Saúde. Engade que non entende por que, dende o 14 de marzo até a data non recibiu nin unha chamada. Manifesta que dixo que o persoal do Concello actuou ben e que a xente do pobo respectou as normas e a incidencia da COVID foi mínima, mais non entende por que non se fixo o mesmo que todos os Alcaldes da comarca, como se ve nas webs dos seus respectivos concellos. Reitera que non entende por que non houbo nin unha chamada ao grupo do PP para ver se estaban ben, necesitaban máscaras ou algunha outra cusa, e que tampouco preguntou ninguén se o seu negocio necesitaba algo. Opina que, a pesares de ser 13 concelleiros, só estiveron en contacto directo oito e pregúntase se tanto noxo lles teñen para non informalos nin involucralos. Expón que, vendo noticias doutros concellos, dálle mágoa porque Carral non é pioneiro con ningunha iniciativa. Opina que, se estivesen outros no goberno municipal, os veciños estarían máis informados para tranquilizar á poboación, como se fixo no resto dos concellos -coma Ordes, Arteixo, Culleredo ou Abegondo- e non en Carral, informando sobre a evolución do número de casos, sen dicir nomes. Coida que tería sido máis importante que falar de bulos, e engade que el non recomenda memes. Por outra banda, critica que só ve no salón de sesións dúas cadeiras para público e chámalle a atención que se convocase este pleno ás 9 da mañá cando sempre falamos da transparencia que supuña facer os plenos ás 20 horas. Considera que non houbo propostas e que, salvo Comercio, os departamentos de Servizos Sociais, Cultura ou Emprego só falamos do que fixeron, e opina que tampouco houbo moita premura para aprobar un novo orzamento, polo que supón que estarán moi a gusto co anterior.

O señor Alcalde explica que, a diferenza do señor Mouriño, a el ninguén o controla nin recibe ordes de ningún partido nin lle dixeron nunca o que ten que facer. Engade que lle gustaría axudar a parados e comerciantes, mais que non é doado coa situación económica na que o señor Mouriño deixou o Concello. Manifesta que, se quere, poden quedar a soas e falar, e opina que non ten ao seu grupo informado pois, por exemplo, preguntaron polo proxecto do parque infantil de San Vicente e non sabían que estaba modificado ni a señora Duarte nin o Arcebispado.

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) manifesta que o clarexará ao final, e o Alcalde ten a intención de falar doutras cuestións. Manifesta que, igual que o señor Alcalde pediu sículas por se se enganou nalgo, tamén o fai nela. Porén, indica que tamén bota en falla que, dende o 14 de marzo, cando pediu crear unha comisión, non obtivo resposta do Alcalde. Explica que ela non ten medios para enviar solicitudes telemáticamente, mais mandoulle audios para que quedase constancia de que se puña á disposición do goberno municipal dende o primeiro momento. Reitera que




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 1

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

segue á súa disposición para o que queiran, mais coida que está claro que non queren a axuda de ninguén. Engade que, coma presidenta da agrupación de voluntarios de Protección Civil, conseguiu que entrase nun grupo de whatsapp o Comandante da Garda Civil e o concelleiro da área e opina que funcionou bastante ben, mais tamén coida que se puido facer máis, mais notou que non había vontade. Manifesta que non tivo a información de que o SERGAS se está a facer cargo da limpeza do centro de saúde, e pregunta se vai seguir facéndoo ou se é puntualmente pola COVID. Amosa a súa sorpresa polo feito de que en dous ou tres meses dixeron que non tiveron acceso á incidencia da doenza en Carral e que agora digan que foi escasa e lamenta que, se tiveron acceso a tal información, non a fixesen pública, mentres outros concellos coma Ordes ou Culleredo ían informando ao respecto. Opina que non dicir que houbo contaxios crea unha falsa tranquilidade, e que ten que haber unha certa alarma para que se sigan as medidas. En canto ás medidas do departamento de Comercio, manifesta que ela é autónoma e, por tanto, afectada directa coma outros, e constata que ninguén a chamou para dicirlle como funciona o directorio, para que serve ou canto custou. Opina que cada autónomo ten a súa xestión, e que os comerciantes en Carral son todos os que pagan autónomos, non só a hostalería. Indica que lle preocupa que o Concello traballe nesa páxina web, pois o Concello xa ten unha na que poderían publicitarse os comercios, e que sería distinto que sesubvencionase ás webs de cada empresa. Di que non sabe se se van gastar cartos en cousas xa feitas e, en canto ao servizo de asesoramento, pregunta se hai que esperar a que os chamen e canta xente pediu información (3 ou 4?). Engade que vai deixar as críticas que ten e que, se hai modificacións importantes no orzamento que deixou o PP, deberían levalas a Pleno. Opina que esperarán a un pleno na chamada "nova normalidade", e que aínda terán orzamentos en aprobar. Entende que o goberno municipal fixo o que puido, mais non contaron coa oposición para facer máis. Coida que hai medo e opina que, canta menos xente, menos risco, e que viu o que corría o equipo de goberno e pediulle que extremasen as medidas de seguridade, pois considerou que non estaba segura no grupo que había, por exemplo no vehículo de Protección Civil. Ve que algunha xente non usa máscara e luvas, e considera que primeiro debe ver pola súa propia vida, pois un contaxio non sería bo. Admite que houbo erros e acertos, e que admira o traballo que se fixo, mais tamén houbo críticas por favoritismo no repartimento de alimentos, que non sabe a quen se entregaron e se se fixo segundo o criterio dos Servizos Sociais, nin a que familias atenderon e seguirán atendendo. Amosa tamén a súa preocupación sobre se o Concello tomou medidas para axudas para o pagamento de luz ou auga por falta de ingresos. Tamén pregunta en que situación están os maiores co SAF suspendido e se está reiniciado o servizo ou vaise reiniciar. Pregúntase tamén se hai un seguemento diario ao respecto. Tamén manifesta que se alegra de ver que o SAF repartiu medicamentos a usuarios de dependencia, mais reprocha que non se informase diso. Engade que, tras escoitar a todos, viu que o señor Mouriño preguntou que medidas van adoptar e lamenta que non teñan propostas. Opina que cada Concello ten que ver como axudar aos seus veciños e indica que, por exemplo, outros "quitaron" as taxas a todos os vendedores ambulantes, permitiron ampliar as terrazas e non cobran pola súa ocupación. Considera que hai que axudar aos bares, pero



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

tamén aos demais autónomos, tendo en conta que, por exemplo, a Deputación aplazou o IVTM, pero terán que pagalo. Propón que bonifiquen os vehículos dos autónomos e as taxas d lixo nun 10 ou 20%. Supón que o virus “veulle moi ben á Interventora” pois paráronse durante dous meses gastos coma os desbroces. Manifesta que o Concello ten que poñerse de parte dos restaurantes e cafeterías dende o primeiro momento, pois todos van ter perdas, mais indica que oiu que se lles dixo que pasasen polo Concello para solicitar autorizacións para as terrazas e a algún se lle pechou. Opina que hai medidas de seguridade e que está a actuar a inspección de sanidade, e pide ao goberno municipal que non tenten controlar o que non lles toca, e que dean permisos para ampliar terrazas, igual que se ampliou a beirarrúa na N-550 para o Eroski. Reitera a súa petición de que se busque unha solución para beneficiar a todos os autónomos e que o Concello de Carral sexa pioneiro niso, sen facer o mesmo que Arteixo, mais facendo algo que se lles ocorra.

En canto ao proxecto do parque de San Vicente, a señora Duarte manifesta que xa dixo no Pleno que o executado non era o proxecto que se presentou, e o Alcalde quedou en amosarllo o día seguinte, mais non estaba no Concello a persoa responsable que o levaba, e en catro meses non a volveron chamar ao respecto. O señor Alcalde replica que lle deu unha copia do convenio.

A señora Caridad López explica que hai unha empresa (a de sempre) que fai a limpeza do centro de saúde polas tardes e que, polas mañás, cando hai posibles casos de COVID, fanse limpeza extra con cuxo custe corre o Sergas. Indica que é mentira que non se informase dos casos da doenza e que si se fixo na web (en relación con catro casos de ingresados), mais que, pola normativa de protección de datos, non se publicaron os nomes. Considera que, máis que crear alarma social, animouse á xente a cumprir as medidas necesarias e para dicirlles que o estaban a facer moi ben. En relación co que dixo o señor Mouriño, explica que, cando ela falou coa Inspección, non saben o que vai pasar e se vai haber clases presenciais, transporte ou comedor. Pregúntalle ao señor Mouriño que faría en Educación e pídlle que propoña, aínda que sexa, unha soa medida, pois, se é boa, falaríase e podería adoptarse.

O señor Mouriño pregúntase se non están nun pleno e indícalle que non lle vai dicir nada. A señora Ramilo pregúntase tamén se é unha sesión plenaria ou un debate e o señor Alcalde pídlle que se manteña calada.

A señora Vázquez Mouriño explica que se foi falar cos hostaleiros para facilitarles a instalación de terrazas antes de que se puidese abrir, mais moitos dixeron que non tiñan pensado facelo. En canto ao directorio de empresas, considera que o que hai na web en relación co polígono está moi desactualizado e que, por tanto, queda moito por facer e hai que seguir traballando. Explica que non se cobrarán as taxas da feira durante o tempo que non veñan. Engade que non quere “vender” cousas que aínda non están aprobadas en Pleno. Engade que se mandou información sobre os novos servizos a moita xente, e que, a pesar de insistir, non tiveron resposta de moitos, porque é un grupo amplo. Indica que é moito traballo, mais que o fan con gusto, pois os comerciantes, as empresas e os autónomos son fundamentais para carral pois, se



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

non existisen, sería unha vila dormitorio. Agradece o punto de vista da señora Duarte e manifesta que está encantada de confrontar ideas e aberta ás propostas que acheguen para estudalas.


A señora Guimarey matiza en relación co orzamento prorrogado que a semana en que entrou en vigor o estado de alarma tiñan convocada unha mesa de negociación para o novo orzamento e para levalo a Pleno, mais que se veu paralizado e tiveron que modificar o proxecto polas novas circunstancias. Explica que o novo proxecto se levará ao seguinte pleno e que serán informados na mesa e na comisión informativa.

O señor Caamaño Rodríguez explica á señora Duarte que no coche de Portección Civil sempre ían con luvas e máscara e que tiñan desinfectante, e recoñece que se podería facer máis, pero que hai os voluntarios que hai e cada un ten o seu traballo e a súa vida.

O señor Bello Hermida, no tocante ao banco de alimentos, explica que as entregas se fixeron sempre con valoración das técnicas de Servizos Sociais, e que non se repartiron a ninguén por iniciativa deles. Opina, en relación co que dixo o señor Mouriño, que quen ten vontade de axudar ponse en contacto por propia iniciativa, e manifesta que non se recibiu ningunha chamada del. Recoñece que a señora Duarte si chamou, mais non "*para o público e a galería*". Opina que cada un demostrou cal era o interese que tiñan por axudar.

O señor Mouriño replica que foron elixidos trece representantes, uns para gobernar e outros para controlar para o ben de todo o Concello. Opina que o Alcalde éo de todos e explica que, coma xefe da oposición, presentoulle un escrito ofrecéndolle a súa colaboración, mais o goberno non tivo a ben respostar, nin por escrito nin tan sequer cunha chamada.

O señor Alcalde replícalle que podía chamar el por teléfono e o señor Mouriño resposta que xa o fixo, e que tamén lle mandou mensaxes por whatsapp, mais que nunca lle contestou. Manifesta que, nun ano, o Alcalde só lle chamou un día para ver se lle aprobaba o soldo a el e aos outros, e non recibiu máis chamadas dende entón. Considera que están "*superresabiados*" e que "*non necesitan nada*". Manifesta que el quere a Carral e que, se lle dixesen que xa estaba previsto o orzamento en marzo el estaría calado e poderían telo aprobado, pois o resto das Administracións Públicas, como por exemplo a Deputación, non pararon nunca. Explica que ten propostas que lle gustaría que se levasen a cabo e que, na súa opinión, son viables e serias. Manifesta que só lles oe dicir que o Concello está endebedado, mais os orzamentos tiñan o visto e prace da Intervención e dos servizos xurídicos. Opina que o que se aforrou este tempo (por exemplo coa Festa do Pan, actividades municipais, bailes dos maiores ou o peche do ximnasio) debería revertir nun mellor funcionamento. Opina que o incremento das partidas dos Servizos sociais co diñeiro remitido pola Xunta de Galicia debería servir para que o SAF atendese a máis persoas . Opina que non é serio "*exprimir*" moito aos comercios nin aos usuarios do SAF, que non están moi




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

“sobrados” para que se lles carreguen recibos cada mes. Considera que todas as Administracións Públicas deben ser solidarias e, por exemplo, suspender taxas.

O señor Mouriño lembra que a Deputación aprobou uns plan adicional do POS para paliar os problemas derivados da COVID e para gasto corrente (poruns 31.000 e uns 119.000 € respectivamente) e que espera que en xullo poida aprobar outro semellante. Manifesta que o resto dos Concellos da contorna xa informaron sobra cando van abrir instalacións coma a biblioteca, a piscina ou o ximnasio, e que non sabe por que non se fixo aquí. Manifesta que outros concellos tamén levaron a pleno esta semana a aprobación dos gastos esta semana para facelos efectivos inmediatamente, e aquí aínda non está convocado aínda que, na súa opinión, sería urxente para poder destinar os 151.000 € adicionais a custións importantes para as familias. No tocante a Educación, manifesta que setembro xa está aí, e que habería que prever como se van pagar as matrículas ou comprar os libros. Opina que, aínda que había unha partida importante para bolsas, poderían destinarse 25.000 € dos adicionais da Deputación para máis gastos de libros e transporte de todos os nenos. Opina que se debería dotar unha partida específica cos 31.000 € para a axuda no fogar das familias máis vulnerables este ano, para que non haxa esperas, e para atender ás súas necesidades de gastos de teléfono ou electricidade. Indica que Carral non é tan rico coma Arteixo, mais tampouco ten 30.000 habitantes. Recoñece que está ben asesorar aos autónomos, mais opina que necesitan axudas económicas, e que se poderían destinar parte dos 150.000 €, ademais de destinar 25.000 € a bolsas. Indica que para cubrir os arredor de 40.000 € da Deputación optouse por tres oficiais e un electricista, mais coida que se podería ter feito outro tanto para outras catro persoas a media xornada. Considera que está a medrar o paro fóra do normal, pois en xuño de 2019 había 369 desempregados e agora xa hai máis de 400. Opina que deberían involucrarse todos e que se poderían empregar uns 30.000 € en contratar a persoa para o Concello se hai sobrecarga de traballo en Servizos Sociais ou ensino. Propón que, cos arredor de 40.000 € que quedarían, se fixesen baremos para axudas a autónomos de xeito directo por importe de entre 500 e 700 € para empregarlos en gasto corrente como queiran, independentemente dos informes que se fagan ao respecto. Opina que así se cubriría parte dos seus gastos. Considera que se debería realizar un pleno para axilizar eses trámites, e que Carral debería ser pioneiro en iniciativas e non limitarse a esperar directrices de Madrid. Expres que, se o grupo municipal do PP puidese, xa o tería feito, coma a Deputación Provincial, que está a preparar outros 20 millóns de euros a maiores para xullo, dos que lle corresponderán a Carral arredor duns 200.000 €. Pide ao goberno municipal que non teña medo, pois, na súa opinión, os fondos están aí, e piden ao Goberno da Nación que os deixe gastar. Reitera que, na súa opinión, se debería contratar máis persoal para axilizar as xestións relacionadas con emerxencias sociais e pensións non contributivas. Opina que hai que axilizar os papeis, e que non se lles pode dicir aos hostaleiros que teñen que solicitar permisos a Carreteras pois, na súa opinión, deberían solicitarse dende o Concello e aplicar o silencio administrativo positivo. Coida que se podería contratar a tres ou catro empregados para axudar aos autónomos e ás familias máis necesitadas, co membros en paro ou que teñan que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

coidar de maiores, e as persoas que por pasar vergoña pásano mal e non piden axuda. Manifesta que lle consta o labor dos concelleiros, que están a facer o que cren mellor, mais pídelle que aproveiten os seus dezaseis anos de experiencia. Reitera que lle gustaría que lle informasen cada semana e manifesta que estaría á súa disposición. Opina que é culpa do Alcalde non querer contar coa oposición.

A señora Ramilo indica ao señor concelleiro de Servizos Sociais que ela é concelleira e tamén trabaldora do SAF, e reconece que non ten nada que dicir dos Servizos Sociais, pois faláron por teléfono e sempre estiveron moi pendentes de que estivese ben. Engade que, no que a ela respecta, só pode dar as grazas, e que o señor Bello Hermida sabe que, se a necesita para algo, tena disposta, pois falou con ela e ofreceuse. Pídelle que confirme se é verdade.

O señor Bello Hermida confirma que é verdade, mais indica que non quixeron involucrar a máis persoas para evitar riscos. Engade que, se o señor Mouriño quixese axudar, xa pasara tempo cando enviou o seu escrito.

A señora Duarte pide que o señor Alcalde realice propostas de medidas directas que non achegaron e pregunta se vai ter en conta as propostas realizadas por ela e polo señor Mouriño. Manifesta que, na súa opinión, dórmense e están pechados entre eles, sen ver a realidade da rúa. Coida que pensan que o están a facer moi ben mais, na súa opinión, teñen que espabilar en relación con outros concellos, e sacar as medidas que teñan que pasar polo Pleno, sen tardar dous meses pois, na súa opinión, xa leva quince días de retraso con respecto ás fases da desescalada. Opina que hai que anticiparse dende o primeiro momento en que o Estado publicou as fases, e que a xente xa está fóra e non pode esperar tres meses por axudas. Considera que neste pleno non explicaron iniciativas futuras, mais opina que cobran polo seu traballo e deben "espabilar". Engade que, ao seu ver, houbo tres ou catro cabezas visibles, mais que o resto deberían traballar en papeis e non "a touro pasado". Indica que a imaxe que se transmite, segundo o sentir do pobo de Carral, é que "non están a facer nada".

O señor Cetina Mochales manifesta que dá gusto oír as últimas palabras do señor Mouriño sobre a necesidade de aumentar as bolsas escolares, mais indica que o fixo máis agora na oposición que cando estaba no goberno municipal. Considera que a maioría dos fondos veñen da Deputación, mais que non ven nada da Xunta de Galicia gobernada polo seu partidol. Opina que os conselleiros de Educación e sanidade están agochados. Engade que, antes de que se abrisen as terrazas xa se estaba a tomar medidas, mais que se complicou a cuestión porque o goberno anterior non lles fixera cumprir a normativa. Reitera que lle gusta oír á oposición pedindo cousas ás que non atendía cando estaba no goberno. Opina que a oposición debe controlar e presionar ao goberno para que traballe máis. Engade que deben ser benvidos o diñeiro, as ideas e as propostas, e que as cousas se farán con máis ou menos acerto, mais considera que se debe dar a benvida se hai un talante de cooperar.

O señor Bello Hermida indica que non houbo ningún gasto, mais tampouco ingresos (como, por exemplo, no complexo deportivo). Explica que o sufragar gastos de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

facturas de luz ou gas, por exemplo, nada ten que ver coa axuda no fogar, senón que serían gastos de emerxencia social. Explica que as axudas da Xunta de Galicia de cara ao futuro son para axuda no fogar. Engade que se atendeu aos usuarios e que houbo un seguemento continuo deles, mesmo dos que solicitaron unha suspensión temporal do servizo por prevención. Explica que axudaron na tramitación de solicitudes de axudas e que se está a traballar niso, e amosa a súa molestia poruqe, na súa opinión, non prestaron atención ao que lles explicaron.

O señor Mourtiño replica que, na súa primeira intervención, foi anotando, e copiou que se pretendía un aumento do 340% dos fondos para axuda no fogar (o señor Bello hermidia indícalle que se referiu a emerxencia social, e que non debe confundilo). O señor Mouriño pídelle quye se explique mellor e manifesta que lle gustaría que a información que deron hoxe a tivesen dado hai un ou dous meses. Manifesta que cómpre que non quede ningún usuario de axuda no fogar sen atender e reitera que falou de que houbo servizos sen gastos (como, por exemplo, en monitores do ximnasio), e non de que tivesen solucionado se era deficitario.

A señora Vázquez Mouriño engade que a finalidade da web que se está a crear é tamén que, se hai unha recaída, os usuarios se poidan poñer en contacto coas empresas e incluso xestionar envíos a domicilio. Explica que se pretende prestar servizos de asesoramento como noutros concellos, pois non todas as empresas teñen xestorías preparadas para solicitar subvencións. Manifesta ue non sabe por que queren devaluar o seu traballo que, na súa opinión, foi moi duro e útil para poder chegar aos clientes se houber unha recaída.

A señora Duarte replica que non considera absurdo facer a páxina web, mais coida que a actualización dos datos non resolve os problemas dos autónomos e pide que non tarden dous meses en traer a Pleno propostas para resolvelos, pois a súa vida non está pendente desa páxina web. Manifesta que ten que pedir ao goberno municipal que se esforcen máis pois, na súa opinión, quedáronse na fase 0 e coida que houbo algunha xente que non fixo nada máis que estar a gusto na súa casa. Reiteran que non deben esperar a que ela ou o señor Mouriño pidan medidas para facer algo. Lembra que non se creou a comisión de seguemento solicitada e opina que Carral quedou atrasado nesta situación (a diferenza, por exemplo, de Betanzos, que xa aprobou axudas para autónomos de 700€). Coida que a responsabilidade dos que gobernan Carral é ter iniciativas que sirvan a todos e non limitarse a "vender" unha páxina web.

Ás **11:16** horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval

FIRMADO POR Diego García Doval (FECHA: 28/07/2020 15:08:00) , Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 30/07/2020 12:09:00)

Versión imprimible

CVD: VwbqOh36M1q7ttr4Xyua
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es